



A Universidade de Santiago de Compostela (USC) presentou no ano 2000 os estudos de *Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental*, titulación propia de segundo ciclo que se transformou no ano 2006 nun *Programa Oficial de Posgrao en Enxeñaría Química e Ambiental, que organiza a titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental*, aprobado pola Comunidade Autónoma de Galicia, que autoriza a súa implantación mediante o *Decreto 51/2006, do 23 de marzo*, ao abeiro do establecido polo *Real Decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios de posgrao*.

Os resultados da aprendizaxe dos estudantes que teñen expedido o título de *Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental* comprenden a maioría das competencias proporcionadas polo Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental, non obstante, é necesario reforzar algunha das competencias xenéricas e específicas que proporciona o Máster Universitario respecto das do Graduado Superior polo que esta

#### **Reitoría Resolve:**

**Primeiro.-** Os alumnos que posúan a titulación de Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental e pretendan cursar o Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental na USC deberán matricularse dos **Requisitos formativos** que a continuación se indican:

**MEMORIA:** *Traballo dirixido:* 10 créditos ECTS.- Consistirá nun traballo orixinal cunha extensión mínima de 30 páxinas sobre un tema de Enxeñaría Ambiental dirixido por un profesor titor. Os estudantes poderán solicitar a asignación do titor que deberá ser un profesor que imparta docencia no actual Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental.

O Traballo deberá ter a **seguinte estrutura:** 1.- Introducción, 2.- Obxectivos, 3.- Metodoloxía, 4.- Resultados e discusión, 5.- Conclusións, 6.- Bibliografía

**Segundo.-** Formalizada a matrícula nos Requisitos formativos, procederase de oficio ao recoñecemento das competencias adquiridas pola superación das materias da titulación de Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental segundo se establece no *ANEXO I da Resolución do 14 de agosto do 2006*.

**Terceiro:** Para poder solicitar o título de Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental o alumnado deberá ter superado os *Requisitos formativos*.

**Cuarto:** Corresponderá ao coordinador do Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental asinar as actas dos "*Requisitos Formativos*". As cualificacións outorgadas serán as de "APTO" ou "NON APTO".

**Quinto.-** Os Graduados Superiores da titulación propia de Enxeñaría Ambiental abonarán os prezos públicos correspondentes aos **Requisitos formativos**. Non se abonarán prezos públicos polo recoñecemento de competencias que establece o segundo punto desta resolución.

**Sexto.-** O prazo para matricularse será ata o vindeiro 30 de abril.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2008

O Reitor

PD. do 31 de marzo de 2008

A vicerreitora de Investigación e Innovación



M<sup>a</sup> José Alonso Fernández

Sr. Vicerreitor de Oferta Docente e EEES, Sr Secretario Xeral Adxunto, Sr. Coordinador do Máster de Enxeñaría Ambiental, Sra. Xefa do Servizo da Asesoría Xurídica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, Sra. Directora do OIU.